

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Anuncio de licitación de contrato administrativo especial de explotación da cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro do Concello de Ames*

#### **CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERIA DA CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES.**

##### **1.- Entidade adxudicataria:**

1. Organismo: Concello de Ames
2. Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación

##### **2.- Obxecto do contrato:**

- a) Contrato administrativo especial de “Explotación da Cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro” do Concello de Ames.
- b) División por lotes e número: Non
- c) Lugar de execución: Concello de Ames.
- d) Prazo de execución: A duración inicial do presente contrato será de DOUS ANOS, podendo prorrogarse por períodos dunha anualidade ate un máximo de dúas anualidades, polo cal a duración máxima do contrato non poderá exceder os CATRO ANOS, incluído período inicial e prorrogas.

##### **3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: varios criterios de adxudicación.

**4.- Valor estimado do contrato:** 144.000 €uros, mais 30.240 €uros de IVA (21%), facendo un valor total do contrato de 174.240 €uros.

**5.- Canon de licitación:** O canon base de licitación fixase nun mínimo de 250 €uros/mensuais mais IVE do 21%, o que fai un total anual de 3.630 €uros/ano.

**6.- Garantía provisional:** Non se esixe

##### **7.- Obtención de documentación e información**

- a) Entidade: Concello de Ames.
- b) Domicilio: Praza do Concello s/n- Bertamiráns
- c) Localidade e código postal: Ames ( A Coruña) 15.220
- d) Teléfono: 981 883002
- e) Telefax: 981 884929
- f) Data límite de obtención de documentos e información: ata á data de finalización de presentación de proposicións.

##### **8.- Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.**

Presentación de ofertas: Os licitadores poderán presentar as proposicións no rexistro xeral do Concello de Ames no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

1. Documentación a presentar: A sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

2. Lugar de presentación: Rexistro do Concello de Ames.

Concello de Ames

Praza do Concello s/n-Bertamiráns.

Ames (A Coruña) 15.220

3. Admisión de variantes (concurso): non se admiten.

**9.- Apertura das ofertas.**

- Entidade: Concello.
- Domicilio: Praza do Concello s/n – Bertamiráns
- Localidade: Ames.
- Data e hora: Indicarase cunha antelación mínima de 2 días hábiles no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello.

**10.- Gasto de anuncios.** O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación, de ser o caso, e doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente.

**11.-** Portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os pregos: [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal). (perfil do contratante)

Ames a 3 de marzo de 2016,

O alcalde

José M. Miñones Conde

2016/1643